



SUBGRUPO A2-TEMA 2-LEI 39/2015-GALEGO

TEMA 2- LEI 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

1. De conformidade co disposto no artigo 53 da Lei 39/2015, os interesados nun procedemento administrativo teñen os seguintes dereitos (sinale a resposta incorrecta):
 - a) A identificar as autoridades e o persoal ao servizo das administracións públicas baixo cuxa responsabilidade se tramiten os procedementos.
 - b) A non presentar documentos orixinais salvo que, de maneira excepcional, a normativa reguladora aplicable estableza o contrario.
 - c) A formular alegacións, a utilizar os medios de defensa admitidos polo ordenamento xurídico e a achegar documentos en calquera fase do procedemento, que deberán ser tidos en conta polo órgano competente ao redactar a proposta de resolución.

2. Segundo o artigo 56 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o acordo de iniciación do procedemento que confirma, modifica ou levanta unha medida provisional deberá efectuarse:
 - a) Dentro dos quince días seguintes á súa adopción.
 - b) Dentro dos vinte días seguintes á súa adopción.
 - c) Dentro dos trinta días seguintes á súa adopción.

3. Segundo o artigo 57 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que órgano administrativo é o competente para dispoñer a acumulación dun procedemento a outros?:
 - a) O que inicie ou tramite un procedemento.
 - b) O que resolva un procedemento.
 - c) O superior xerárquico do que inicie un procedemento.

4. Tendo en conta o previsto no artigo 59 da Lei 39/2015, enténdese por propia iniciativa no inicio do procedemento:
 - a) O acto polo que calquera persoa, en cumprimento ou non dunha obrigaón legal, pon en coñecemento dun órgano administrativo a existencia dun determinado feito que puidese xustificar a iniciación de oficio dun procedemento administrativo.
 - b) A actuación derivada do coñecemento directo ou indirecto das circunstancias, condutas ou feitos obxecto do procedemento polo órgano que ten atribuída a competencia de iniciación.
 - c) A proposta de iniciación do procedemento formulada por calquera órgano administrativo que non ten competencia para iniciar este e que tivo coñecemento das circunstancias, condutas ou feitos obxecto do procedemento, ben ocasionalmente ou ben por ter atribuídas funcións de inspección, pescuda ou investigación.

5. Segundo o artigo 60 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, para os efectos de iniciación do procedemento, enténdese por orde superior a emitida por un órgano administrativo superior xerárquico do competente para:
 - a) A resolución do procedemento.
 - b) A resolución dos recursos do procedemento.
 - c) A iniciación do procedemento.



SUBGRUPO A2-TEMA 2-LEI 39/2015-GALEGO

6. Segundo o artigo 62 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as denuncias sobre feitos que puidesen constituír unha infracción administrativa recollerán:

- a) A data da súa comisión e, en todo caso, a identificación dos presuntos responsables.
- b) A data da súa comisión e, cando sexa posible, a identificación dos presuntos responsables.
- c) A identificación dos presuntos responsables e, cando sexa posible, a data da súa comisión.

7. Segundo o artigo 63 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando o infractor persista de forma continuada na comisión de feitos ou condutas tipificadas como infraccións:

- a) Non se poderán resolver novos procedementos de carácter sancionador en tanto non recaese unha primeira resolución sancionadora, con carácter executivo.
- b) Non se poderán recorrer outros procedementos de carácter sancionador en tanto non recaese unha primeira resolución sancionadora, con carácter executivo.
- c) Non se poderán iniciar novos procedementos de carácter sancionador en tanto non recaese unha primeira resolución sancionadora, con carácter executivo.

8. O acordo de iniciación nos procedementos de natureza sancionadora deberá conter, polo menos, e de acordo co artigo 64 da Lei 39/2015:

- a) A identificación da persoa ou persoas denunciante.
- b) As medidas de carácter provisional que se acordaron polo órgano competente para iniciar o procedemento sancionador, sen que se poida adoptar ningunha outra durante este de conformidade co artigo 56.
- c) O órgano competente para a resolución do procedemento e a norma que lle atribúa tal competencia, e indicarse a posibilidade de que o presunto responsable poida recoñecer voluntariamente a súa responsabilidade.

9. Segundo o artigo 65 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no inicio de oficio dos procedementos de responsabilidade patrimonial, que prazo se lles concederá no acordo de iniciación do procedemento aos particulares presuntamente lesionados para que acheguen cantas alegacións, documentos ou información estimen conveniente ao seu dereito?:

- a) Dez días.
- b) Quince días.
- c) Vinte días.

10. Respecto ao comezo do procedemento a solicitude do interesado, o artigo 66 establece que as solicitudes que se formulen deberán conter (sinale a resposta incorrecta):

- a) Nome e apelidos do interesado e, se é o caso, da persoa que o represente.
- b) Fundamentos xurídicos da súa pretensión, data e sinatura.
- c) Identificación do medio electrónico ou, na súa falta, lugar físico en que desexa que se practique a notificación.

11. Segundo o artigo 67 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o cómputo do prazo dun ano de prescripción para a reclamación de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas empezará a computarse:

- a) Desde o día en que se produciu o feito.
- b) Desde a curación ou a determinación do alcance das secuelas.
- c) Desde a data de presentación da reclamación en vía administrativa.





SUBGRUPO A2-TEMA 2-LEI 39/2015-GALEGO

12. Segundo o artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en que procedementos non poderá ser ampliado o prazo de corrección e mellora de solicitude?:

- a) Procedementos selectivos.
- b) Procedementos sancionadores.
- c) Procedementos disciplinarios.

13. Segundo o artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o documento mediante o que os interesados poñen en coñecemento da Administración pública competente os seus datos identificativos ou calquera outro dato relevante para o inicio dunha actividade é:

- a) Unha declaración responsable.
- b) Unha comunicación.
- c) Unha solicitude.

14. O artigo 69 da Lei 39/2015 dispón que, para os efectos desta lei, se entenderá por declaración responsable:

- a) O documento suscrito por un interesado no que este manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para obter o recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio e que dispón da documentación que así o acredita.
- b) O documento mediante o que os interesados poñen en coñecemento da Administración pública competente os seus datos identificativos ou calquera outro dato relevante para o inicio dunha actividade ou para o exercicio dun dereito.
- c) O documento suscrito por un interesado no que este se responsabiliza dos danos e perdas ocasionados como consecuencia do desenvolvemento dunha actividade.

15. Segundo o artigo 70 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cal dos seguintes documentos forma parte dun expediente administrativo?:

- a) As notificacións aos interesados.
- b) As notas de apoio técnico dunha resolución.
- c) Os informes internos de carácter auxiliar.

16. Segundo o artigo 71 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o procedemento impulsarase:

- a) De oficio en todos os seus trámites e a través de medios electrónicos.
- b) A instancia de parte en todos os seus trámites e a través de medios electrónicos.
- c) De oficio en todos os seus trámites e a través de medios analóxicos.

17. Segundo o artigo 72 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, de acordo co principio de simplificación administrativa, acordaranse nun só acto todos os trámites que, pola súa natureza, admitan:

- a) Un impulso alternativo e sexa obrigado o seu cumprimento sucesivo.
- b) Un impulso simultáneo e sexa obrigado o seu cumprimento sucesivo.
- c) Un impulso simultáneo e non sexa obrigado o seu cumprimento sucesivo.





SUBGRUPO A2-TEMA 2-LEI 39/2015-GALEGO

18. O artigo 73 da Lei 39/2015 dispón que, salvo no caso de que na norma correspondente se fixe un prazo distinto, os trámites que deban ser cubertos polos interesados deberán realizarse no prazo de:

- a) Quince días a partir do día da notificación do correspondente acto.
- b) Dez días a partir do día da notificación do correspondente acto.
- c) Dez días a partir do seguinte ao da notificación do correspondente acto.

19. Segundo o artigo 74 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as cuestións incidentais que se susciten no procedemento suspenderán a tramitación deste:

- a) Só se se refiren á nulidade de actuacións.
- b) Só se se trata da recusación.
- c) Si, suspéndese a tramitación ante calquera cuestión incidental.

20. De conformidade coa dicción do artigo 75 da Lei 39/2015:

- a) O órgano instructor adoptará as medidas necesarias para lograr o pleno respecto aos principios de contradición e de igualdade dos interesados no procedemento.
- b) O órgano que resolva o procedemento adoptará as medidas necesarias para lograr o pleno respecto aos principios de contradición e de coordinación dos interesados no procedemento.
- c) O órgano instructor adoptará as medidas necesarias para lograr o pleno respecto aos principios de eficacia e de participación dos interesados no procedemento.

21. Segundo o artigo 76 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os interesados poderán aducir alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo ao procedemento:

- a) Só durante o trámite de audiencia.
- b) Só en calquera momento do procedemento posterior ao trámite de audiencia.
- c) En calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia.

22. Segundo o artigo 77 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o instructor dun procedemento administrativo, a petición dos interesados, poderá decidir a apertura dun período extraordinario de proba por un prazo:

- a) Non superior a dez días.
- b) Non superior a trinta días nin inferior a dez.
- c) Non inferior a vinte días nin superior a trinta.

23. O artigo 78 da Lei 39/2015 regula a práctica da proba e dispón que a Administración lles comunicará aos interesados o inicio das actuacións necesarias para a realización das probas que fosen admitidas:

- a) Con 48 horas de antelación.
- b) Cun mínimo de 3 días de antelación.
- c) Con antelación suficiente.

24. Segundo o artigo 80 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, salvo disposición expresa en contrario, os informes serán:

- a) Non facultativos e non vinculantes.
- b) Facultativos e non vinculantes.
- c) Preceptivos e vinculantes.



SUBGRUPO A2-TEMA 2-LEI 39/2015-GALEGO

25. Segundo o artigo 81 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nos procedementos de responsabilidade patrimonial en que sexa preceptivo o ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo autonómico, este emitirase no prazo de:

- a) Un mes.
- b) Dous meses.
- c) Tres meses.

26. Segundo o artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderase prescindir do trámite de audiencia:

- a) Cando figuren no procedemento e sexan tidos en conta na resolución alegacións e probas aducidas polo interesado.
- b) Cando figure no procedemento o ditame do Consello de Estado.
- c) Cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polo interesado.

27. Segundo o artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que órgano é o competente para poder acordar un período de información pública?:

- a) O órgano ao que lle corresponda a instrución do procedemento.
- b) O órgano ao que lle corresponda ditar informe no procedemento.
- c) O órgano ao que lle corresponda a resolución do procedemento.

28. De conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015, poñerán fin ao procedemento (sinale a resposta correcta):

- a) A renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia estea prohibida polo ordenamento xurídico.
- b) A desistencia.
- c) A declaración de prescrición.

29. Segundo o artigo 85 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en caso de pago voluntario dunha sanción de carácter unicamente pecuniaria polo presunto responsable en calquera momento anterior á resolución, a porcentaxe de redución prevista sobre o importe da sanción proposta:

- a) Poderá ser incrementada regulamentariamente.
- b) Só poderá ser incrementada por medio de lei.
- c) Non poderá ser incrementada regulamentariamente.

30. En relación coa terminación convencional, o artigo 86 da Lei 39/2015 establece que os acordos, pactos, convenios ou contratos que celebren as administracións públicas deberán establecer como contido mínimo (sinale a resposta incorrecta):

- a) O ámbito persoal, funcional e territorial.
- b) O prazo de vixencia.
- c) As causas da súa resolución.

31. Segundo o artigo 87 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as actuacións complementarias deberán practicarse nun prazo:

- a) Non superior a dez días.
- b) Non superior a quince días.
- c) Non superior a vinte días.



SUBGRUPO A2-TEMA 2-LEI 39/2015-GALEGO

32. Segundo o artigo 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, será necesario que o instrutor eleve ao órgano competente a para resolver unha proposta de resolución:

- a) Cando a competencia para instruír e resolver un procedemento non recaia nun mesmo órgano.
- b) Cando a competencia para instruír e resolver un procedemento recaia nun mesmo órgano.
- c) Cando a competencia para instruír e resolver un procedemento recaia nun órgano colexiado.

33. Segundo o artigo 89 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando na instrución dun procedemento sancionador se poña de manifesto a inexistencia dos feitos que puidesen constituír a infracción:

- a) O órgano instrutor resolverá a finalización do procedemento, co arquivo das actuacións, e será necesaria a formulación da proposta de resolución.
- b) O órgano instrutor resolverá a finalización do procedemento, co arquivo das actuacións, sen que sexa necesaria a formulación da proposta de resolución.
- c) O órgano instrutor resolverá a finalización do procedemento, coa declaración de caducidade, sen que sexa necesaria a formulación da proposta de resolución.

34. Segundo o artigo 91 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, unha vez transcorridos seis meses desde que se iniciou o procedemento en materia de responsabilidade patrimonial sen que recaese e se notificase resolución expresa:

- a) Poderá entenderse que a resolución é contraria á indemnización do particular.
- b) Poderá entenderse que a resolución é favorable á indemnización do particular.
- c) Poderá entenderse que a indemnización é a solicitada polo particular.

35. Segundo o artigo 93 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nos procedementos iniciados de oficio, a Administración:

- a) Non poderá desistir, en ningún caso.
- b) Poderá desistir, sen necesidade de motivación, nos supostos e cos requisitos previstos nas leis.
- c) Poderá desistir, de xeito motivado, nos supostos e cos requisitos previstos nas leis.

36. Segundo o artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se o escrito de iniciación do procedemento administrativo se formulou por dous ou máis interesados:

- a) A desistencia afectará a todos aqueles que a formulasen.
- b) A desistencia só afectará a aqueles que a formulasen.
- c) A desistencia non afectará a aqueles que a formulasen por medio de representante.

37. Segundo o artigo 95 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os procedementos caducados:

- a) Non interromperán o prazo de prescrición.
- b) Interromperán o prazo de prescrición.
- c) Interromperán o prazo de prescrición se é superior a un ano.





SUBGRUPO A2-TEMA 2-LEI 39/2015-GALEGO

38. Segundo o artigo 95 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a caducidade do procedemento:

- a) Producirá por si soa a prescrición das accións do particular, pero non da Administración.
- b) Non producirá por si soa a prescrición das accións do particular, pero si da Administración.
- c) Non producirá por si soa a prescrición das accións do particular ou da Administración.

39. Segundo o artigo 96 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a tramitación simplificada do procedemento poderase acordar:

- a) De oficio ou a solicitude do interesado.
- b) Só de oficio.
- c) Só a solicitude do interesado.

40. Segundo o artigo 96 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o órgano competente para a tramitación dun procedemento poderá acordar que se continúe consonte a tramitación ordinaria un procedemento de tramitación simplificada:

- a) Só en calquera momento do procedemento posterior á proposta resolución.
- b) En calquera momento do procedemento anterior á súa resolución.
- c) Só no acordo de inicio do procedemento.

41. Segundo o artigo 96 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na tramitación simplificada do procedemento, o trámite de audiencia darase:

- a) Unicamente cando a resolución vaia ser favorable para o interesado.
- b) Unicamente cando a resolución vaia ser favorable para o interesado por declaración de caducidade do procedemento.
- c) Unicamente cando a resolución vaia ser desfavorable para o interesado.

42. Segundo o artigo 98 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando pola finalización do procedemento administrativo naza unha obrigaón de pago derivada dunha sanción pecuniaria, esta efectuarase preferentemente, salvo que se xustifique a imposibilidade de facelo:

- a) Utilizando unha tarxeta de crédito e débito.
- b) Utilizando un cheque persoal.
- c) Utilizando o pago en especie.

43. Segundo o artigo 99 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as administracións públicas poderán proceder á execución forzosa dos actos administrativos:

- a) Con apercibimento previo, mesmo nos supostos en que se suspenda a execución de acordo coa lei.
- b) Sen necesidade de apercibimento previo, nos supostos en que se suspenda a execución de acordo co regulamento.
- c) Con apercibimento previo, salvo nos supostos en que se suspenda a execución de acordo coa lei.





SUBGRUPO A2-TEMA 2-LEI 39/2015-GALEGO

44. Segundo o artigo 100 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se fosen varios os medios de execución admisibles elixírase:

- a) O menos restritivo da eficacia do acto.
- b) O menos restritivo da liberdade individual.
- c) O menos restritivo do interese da Administración.

45. Segundo o artigo 101 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non poderá impoñérselles aos administrados unha obrigación pecuniaria que non estea establecida por:

- a) Unha norma de rango legal.
- b) Unha norma de rango de regulamento.
- c) Unha norma de rango de decreto.

46. Segundo o artigo 102 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, haberá lugar á execución subsidiaria cando se trate de:

- a) Actos que por ser persoalísimos non poidan ser realizados por un suxeito distinto do obrigado.
- b) Actos que por ser persoalísimos poidan ser realizados pola Administración.
- c) Actos que por non ser persoalísimos poidan ser realizados por un suxeito distinto do obrigado.

47. Segundo o artigo 103 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a multa coercitiva é respecto das sancións que poidan impoñerse:

- a) De carácter independente e compatible con elas.
- b) De carácter dependente e incompatible con elas.
- c) De carácter independente e incompatible con elas.

48. Segundo o artigo 104 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nas obrigacións persoalísimas de facer, se non se realizase a prestación:

- a) A Administración realizará unha execución subsidiaria á conta do obrigado.
- b) O obrigado deberá resarcir os danos e perdas, a cuxa liquidación e cobro se procederá en vía administrativa.
- c) O obrigado deberá resarcir os danos e perdas, a cuxa liquidación e cobro só se procederá en vía xudicial.

49. Segundo o artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando o procedemento de revisión de actos nulos se iniciou de oficio, o transcurso do prazo de seis meses desde o seu inicio sen ditarse resolución:

- a) Producirá a caducidade deste.
- b) Poderase entender esta desestimada por silencio administrativo.
- c) Poderase entender esta estimada por silencio administrativo.



SUBGRUPO A2-TEMA 2-LEI 39/2015-GALEGO

50. Segundo o artigo 107 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a declaración previa de lesividade para o interese público permítelles ás administracións públicas:

- a) Impugnar ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa os actos favorables para os interesados que sexan nulos de pleno dereito.
- b) Impugnar ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa os actos favorables para os interesados que sexan anulables.
- c) Impugnar ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa os actos favorables para os interesados que sexan constitutivos de infracción penal.

51. Segundo o artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as administracións públicas poderán revogar os seus actos de gravame ou desfavorables:

- a) Mentres non transcorrese o prazo de resolución.
- b) Mentres non transcorrese o prazo de caducidade.
- c) Mentres non transcorrese o prazo de prescrición.

52. Segundo o artigo 110 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as facultades de revisión establecidas nesta lei non poderán ser exercidas cando polo tempo transcorrido o seu exercicio resulte contrario:

- a) Á eficacia.
- b) Á boa fe.
- c) Ao costume.

53. Segundo o artigo 111 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no ámbito estatal, serán competentes para a revisión de oficio dos actos administrativos nulos:

- a) Os ministros, respecto dos seus propios actos e disposicións, dos secretarios de Estado e dos ditados por órganos directivos do seu departamento non dependentes dunha secretaría de Estado.
- b) Os ministros, respecto dos actos e disposicións dos secretarios de Estado e dos ditados por órganos directivos do seu departamento dependentes dunha secretaría de Estado.
- c) Os ministros, respecto dos actos e disposicións dos secretarios de Estado e dos ditados por órganos directivos do seu departamento non dependentes dunha secretaría de Estado.

54. Segundo o artigo 112 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, contra as disposicións administrativas de carácter xeral:

- a) Caberá recurso de reposición que se poderá interpoñer directamente ante o órgano que ditou esta disposición.
- b) Caberá recurso de alzada que se poderá interpoñer directamente ante o órgano que ditou esta disposición.
- c) Non caberá recurso en vía administrativa.

55. Segundo o artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poñen fin á vía administrativa:

- a) As resolucións dos órganos administrativos que teñan superior xerárquico.
- b) Os convenios que teñan a consideración de finalizadores do procedemento.
- c) As resolucións de recurso de reposición, en todo caso.

SUBGRUPO A2-TEMA 2-LEI 39/2015-GALEGO

56. Segundo o artigo 115 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a ausencia da cualificación do recurso administrativo por parte do recorrente:

- a) Non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter.
- b) Impide a súa tramitación, aínda cando se deduza o seu verdadeiro carácter.
- c) Non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que se identifique a persoa que recorre.

57. Segundo o artigo 116 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cal das seguintes figura entre as causas de inadmisión do recurso administrativo?:

- a) Ser incompetente o órgano administrativo, cando o competente sexa o seu superior xerárquico.
- b) Ser incompetente o órgano administrativo, cando o competente pertencese a outro departamento da mesma Administración pública.
- c) Ser incompetente o órgano administrativo, cando o competente pertencese a outra Administración pública.

58. Segundo o artigo 117 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cal das seguintes circunstancias deben producirse para a suspensión da execución do acto impugnado por recurso administrativo?:

- a) Que a execución puidese causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.
- b) Que a impugnación se fundamente nalgunha das causas de anulabilidade previstas nesta lei.
- c) Que a execución puidese causar prexuízos dos que se derive indemnización pecuniaria.

59. Segundo o artigo 118 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando deban terse en conta novos documentos non recollidos no expediente orixinario, poñeranse de manifesto aos interesados para que formulen alegacións:

- a) Por un prazo non inferior a dez días nin superior a quince.
- b) Por un prazo non inferior a quince días nin superior a vinte.
- c) Por un prazo non inferior a vinte días nin superior a trinta.

60. Segundo o artigo 119 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o órgano que resolva o recurso administrativo decidirá cantas cuestións, tanto de forma coma de fondo:

- a) Suscite o procedemento e fosen alegadas polos interesados antes da resolución do procedemento.
- b) Suscite o procedemento só se foron alegadas polos interesados en fase de alegacións.
- c) Suscite o procedemento, fosen ou non alegadas polos interesados.

61. Segundo o artigo 120 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando deba resolverse unha pluralidade de recursos administrativos que traian causa dun mesmo acto administrativo e se interpuxese un recurso xudicial contra unha resolución administrativa:

- a) O órgano administrativo suspenderá o prazo para resolver ata que recaia pronunciamento xudicial.
- b) O órgano administrativo poderá acordar a suspensión do prazo para resolver ata que recaia pronunciamento xudicial.
- c) O órgano administrativo debe resolver inmediatamente e non poderá acordar a suspensión do prazo para resolver, en ningún caso.



SUBGRUPO A2-TEMA 2-LEI 39/2015-GALEGO

62. Segundo o artigo 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se o recurso de alzada se interpuxo ante o órgano que ditou o acto impugnado:

- a) Este deberá remitilo ao competente no prazo de dez días, co seu informe e cunha copia completa e ordenada do expediente.
- b) Este deberá remitilo ao competente no prazo de quince días, coa resolución e cunha copia completa e ordenada do expediente.
- c) Este deberá remitilo ao competente no prazo de vinte días, co seu informe e cunha copia da resolución e da proba practicada.

63. Segundo o artigo 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de alzada será de:

- a) Un mes.
- b) Dous meses.
- c) Tres meses.

64. Segundo o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o recurso potestativo de reposición poderase interpoñer:

- a) Contra os actos administrativos que non poñan fin á vía administrativa ante o mesmo órgano que os ditase.
- b) Contra os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa ante o mesmo órgano que os ditase.
- c) Contra os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa ante o órgano superior do que os ditase.

65. Segundo o artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se o acto non fora expreso, poderase interpoñer recurso de reposición:

- a) Só no prazo dun mes a partir do día seguinte a aquel en que se ditou o acto obxecto de recurso.
- b) En calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se notifique o acto obxecto de recurso.
- c) En calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto.

66. Segundo o artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, contra os actos firmes en vía administrativa poderá interpoñerse:

- a) O recurso extraordinario de revisión ante o órgano administrativo que os ditou.
- b) O recurso de alzada ante o órgano administrativo que os ditou.
- c) O recurso potestativo de reposición se é unha resolución deste recurso e ante o órgano administrativo que os ditou.

67. Segundo o artigo 126 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de extraordinario de revisión será de:

- a) Un mes.
- b) Dous meses.
- c) Tres meses.





SUBGRUPO A2-TEMA 2-LEI 39/2015-GALEGO

68. Segundo o artigo 127 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o Goberno da Nación exercerá a iniciativa legislativa prevista na Constitución mediante:

- a) A elaboración e aprobación dos anteproxectos de lei e a ulterior remisión dos proxectos de lei ás Cortes Xerais.
- b) A elaboración e aprobación de leis, decretos e ordes.
- c) A elaboración e aprobación dos proxectos de lei e a ulterior remisión das leis ao Congreso dos Deputados.

69. Segundo o artigo 128 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o exercicio da potestade regulamentaria correspóndelle:

- a) Só ao Goberno da Nación.
- b) Só ao Goberno da Nación e aos órganos de goberno das comunidades autónomas.
- c) Ao Goberno da Nación, aos órganos de goberno das comunidades autónomas e aos órganos de goberno locais.

70. Segundo o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, por medio de que principio a iniciativa normativa do Goberno da Nación debe evitar cargas administrativas innecesarias ou accesorias e racionalizar, na súa aplicación, a xestión dos recursos públicos?:

- a) Principio de eficacia.
- b) Principio de eficiencia.
- c) Principio de necesidade.

71. Segundo o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en virtude dos principios de necesidade e eficacia, a iniciativa normativa do Goberno da Nación debe:

- a) Conter a regulación imprescindible para atender a necesidade que ha cubrir a norma, tras constatar que non existen outras medidas menos restritivas de dereitos.
- b) Xerar un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza que facilite o seu coñecemento e comprensión.
- c) Estar xustificada por unha razón de interese xeral, basearse nunha identificación clara dos fins perseguidos e ser o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución.

72. Segundo o artigo 130 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Administración do Estado revisará periodicamente a súa normativa vixente para adaptala aos principios de boa regulación e para comprobar:

- a) A medida en que as normas en vigor conseguiron os obxectivos previstos e se estaba xustificando e correctamente cuantificado o custo e as cargas impostas nelas.
- b) A medida en que as normas en vigor foron impugnadas ante os tribunais da orde contencioso-administrativa.
- c) A medida en que as normas en vigor foron desenvolvidas por regulamentos e se estaba xustificando e correctamente cuantificado unicamente o custo de persoal e os tributos impostas nelas.





SUBGRUPO A2-TEMA 2-LEI 39/2015-GALEGO

73. Segundo o artigo 131 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, haberán de publicarse no diario oficial correspondente para que entren en vigor e produzan efectos xurídicos:

- a) As normas con rango de lei, os regulamentos e todos os actos administrativos.
- b) Só as normas con rango de lei e os regulamentos.
- c) As normas con rango de lei, os regulamentos e as disposicións administrativas.

74. Segundo o artigo 132 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o Plan anual normativo que deberá facer público a Administración do Estado publicarase en:

- a) O *Boletín Oficial do Estado*.
- b) O Portal da transparencia.
- c) Un diario de tiraxe nacional.

75. Segundo o artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no ámbito da Administración do Estado, a consulta pública previa á elaboración dun regulamento, cos suxeitos e as organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma, solicitará a opinión acerca de:

- a) O orzamento para gastar en materia de persoal.
- b) Os recursos para interpoñer ás resolucións que se diten na súa aplicación.
- c) As posibles solucións alternativas reguladoras e non reguladoras.

